

## Posible modelo de carta

Ruán, 20 de abril de 1346.

Querido irmán Jacques,

Como vai todo? Espero que cando o pai Antoine che entregue a presente carta, ti e todos os teus, a túa muller Urraca e os meus sobriños Fiz e Tareixa, vos atopedes ben.

Con todo agarimo saúdote dende as fermosas pero cada vez máis castigadas terras na nosa, e túa, Normandía.

Irmán, aquí a vida cada vez é máis dura e difícil. Levamos xa moitos meses cun tempo moi malo. A choiva é continua e deixa os campos enchoupados, e cando esta cesa, un vento frío e seco arrasa co pouco que logran medrar as nosas colleitas. A terra semella extenuada, sen a forza que tiña noutros tempos. Xa non podemos traballala como antes; as boas terras están esgotadas e a nosa vontade vense abaixo ao ver que apenas obtemos froitos e que os nosos esforzos non se ven recompensados.

Os campos que nos sustentaron durante xeracións xa non producen como antes, e os novos cultivos que os nobres nos impoñen non traen solucións, só máis problemas. Agora queren que sementemos plantas téxtiles, como o liño, para encher os seus obradoiros, pero nós necesitamos pan, non tecidos luxosos para os ricos. As terras que nos daban sustento agora non nos alimentan, e o futuro preséntase verdadeiramente escuro.

A medida que o gran mingua, tamén diminúe o benestar das xentes. A fame faise común, e os prezos dos alimentos están fóra do noso alcance. E por si isto fora pouco, os señores do castelo, en vez de botarnos unha man, aumentan a presión cara nós. Cada vez soben os prezos dos arrendamentos e tamén se encarecen os xuros dos préstamos que nos vemos na obriga de pedirles.

Nas aldeas crece o malestar e os murmurios de descontento espállanse rapidamente. Non me estrañaría nada que pronto se produzan mobilizacións veciñais para protestar contra todo o que nos está a pasar, aínda que ben sei que as revoltas só traen máis dor e sufrimento.

Xa me despido, rógoche, querido irmán, que lembres a toda a familia nas túas prearias ante o voso santo Apóstolo. Suplica por nós para que Deus nos conceda o privilexio de resistir a estes tempos tan difíciles, nos dea forza e nos amose pronto un camiño cara a mellora.

Despídome con gran afecto soñando co día no que poidamos reencontrarnos e abrazarnos de novo. Que a paz de Deus e a protección do Apóstolo Santiago guíen sempre os teus pasos.

Saúda da miña parte a Urraca e aos meus sobriños.

Con todo o meu cariño,

O teu irmán, Pierre Dupont



“Modelo de carta”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)

